



ANUNCIO

DO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO DA RÍA DE PONTEVEDRA DA LICITACIÓN POLO PROCEDEMENTO II DA INSTRUCCIÓN 1/2023 E TRAMITACIÓN ORDINARIA, PARA A **CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AUDITORÍA DOS PROXECTOS E DOS GASTOS DE XESTIÓN DO GALP RÍA DE PONTEVEDRA** COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO MARÍTIMO, DE PESCA E DE ACUICULTURA (FEMPA)

1. ENTIDADE DE CONTRATACIÓN

Entidade de contratación	Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra CIF: G-36593606
Órgano de contratación	Presidencia do GALP Ría de Pontevedra
Responsable do contrato	Laura Nieto Zas, Xerente do GALP Ría de Pontevedra
Obtención de documentación e información	▪ Enderezo: Departamento de Exportadores, nº 14, Lonxa de Marín, Porto de Marín. 36900, Marín (Pontevedra). ▪ Teléfonos: 886 213 015 / 698 180 887 ▪ Correo electrónico: galp.mar.riadepontevedra@xunta.gal ▪ Na páxina web: https://galp.xunta.gal/ria-de-pontevedra/licitacions
Data e hora límite de obtención de documentación e información	Ata as 14:00 horas do derradeiro día laboral de presentación de ofertas. 14 de decembro de 2023
Referencia do expediente	GALP-RP_010_2023_F

2. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO

Tramitación	☒ Ordinaria ☐ Urxente
Procedemento (segundo a Instrución 1/2023 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, dispoñible en: https://galp.xunta.gal/normativa)	Procedemento II, para gastos derivados de necesidades continuas dos GALP ou esporádicas con determinados valores estimado.





Contrato suxeito a regulación harmonizada	☐ Si ☒ Non	Subdivisión en lotes	☐ Si ☒ Non
Admisión de prórroga	☒ Si ☐ Non	Revisión de prezos	☐ Si, segundo a modificación do contrato prevista no PCAP ☒ Non procede
Admisión de variantes e/ou melloras	☐ Si ☒ Non	Admisión de subcontratación	☐ Si ☒ Non

3. CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

Tipo de contrato	Contrato de Servizos
Descrición da licitación	O obxecto deste contrato é a prestación do servizo de Auditoría dos Proxectos e dos Gastos de Xestión do GALP Ría de Pontevedra como entidade sen ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).
Prazo de execución	O período de prestación do servizo comprenderá dende a data de formalización do contrato (previsiblemente, xaneiro de 2024) e ata o 31 de decembro de 2026.
Prórrogas	Si, admítase prórroga do contrato. O contrato poderá prorrogarse como máximo ata o 31 de decembro de 2028. A prórroga será realizada anualmente e por períodos anuais ata o 31 de decembro de 2028. A prórroga será obrigatoria para o contratista, salvo que o GALP-RP desista dela, en cuxo caso deberá comunicalo ao contratista cunha antelación mínima de 1 mes á data de finalización do contrato.
Calendario para a prestación do servizo	Segundo o especificado no apartado 4 do Prego de Prestacións Técnicas (PPT).

4. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO DE LICITACIÓN

Valor estimado do contrato	35.000€ (IVE excluído)	
Orzamento base de licitación	Importe base de licitación	22.000,00 €
	IVE (21%)	4.620,00€
	Importe total de licitación	26.620,00€



Financiamento	Esta contratación se financia nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA). <i>Regulamento (UE) 2021/139 do Parlamento Europeo e do Consello, de 7 de xullo de 2021, polo que establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004.</i>
----------------------	---

5. REQUISITOS ESPECÍFICOS DO CONTRATISTA

Solvencia económica e financeira	Segundo o especificado no apartado 5.1 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).
Solvencia técnica e profesional	Segundo o especificado no apartado 5.2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).

6. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Segundo o especificado no apartado 6 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).

Criterios de adxudicación avaliáveis de xeito automático	Oferta económica: 60 puntos (puntuación máxima). Darase a máxima puntuación á oferta económica mais baixa das admitidas, e que non incorra en baixa temeraria. As restantes ofertas acadarán a puntuación que lles corresponda de acordo coa seguinte fórmula: $Pi = PM \frac{(OL - Oi)}{(OL - OB)}$ Pi = Puntuación da oferta a valorar PM = Puntuación máxima do criterio OL = Orzamento de licitación (sen IVE) OB = Oferta mais baixa das presentadas (sen IVE) Oi = Oferta a valorar (sen IVE) Quedarán excluídas do procedemento de adxudicación aquelas ofertas que superen o orzamento base máximo de licitación. Experiencia profesional, referida en meses acumulados, da persoa ou entidade licitante: 40 puntos (puntuación máxima) Referida en meses acumulados, da persoa responsable da execución do contrato ou no seu caso, do auditor
---	---

	encargado directamente do mesmo, en servizos de auditoría externa e elaboración de informes independentes de proxectos e contas xustificativas a entidades sen ánimo de lucro que xestionaron fondos europeos para aplicación de Estratexias de Desenvolvemento Local , ou entidades sen animo de lucro que xestionan fondos europeos no marco dalgún dos seguintes programas: Fondo Europeo de Pesca (FEP), Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) Asignarase o máximo de puntuación (40 puntos) á proposta que acredite maior experiencia, asignándolle a puntuación ao resto de propostas mediante proporcionalidade directa, aplicando a seguinte fórmula: Proposta de maior experiencia: 40 puntos Proposta valorada: $P_i = PM (M_i) ME$ Pi = Puntuación da oferta a valorar PM = Puntuación máxima do criterio ME = meses de experiencia da oferta de maior experiencia Mi = meses de experiencia Proposta Valorada
Criterios de adjudicación avaliables mediante xuízo de valor	Non existen

7. PRESENTACIÓN DE OFERTAS

Lugar de presentación	A presentación das ofertas realizarase a través do envío por correo certificado á dirección postal das oficinas do GALP-RP (Departamento de Exportadores, nº 14, Lonxa de Marín, Porto de Marín, CP 36900, Marín, Pontevedra), acreditando a data de envío pola oficina de correos. Será preceptivo o envío do xustificante de presentación por correo electrónico á dirección galp.mar.riadepontevedra@xunta.gal, dentro do prazo de presentación de ofertas sinalado neste mesmo apartado. Non se admitirán ofertas presentadas por outros medios.
Prazo de presentación	O prazo máximo para a presentación de ofertas é de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio de licitación na páxina web: https://galp.xunta.gal/ria-de-pontevedra/licitacions, sendo polo tanto, como máximo ata o como máximo, o 14 de decembro de 2023.

	Non se admitirán ofertas presentadas fora de prazo.
Forma de presentación	A documentación necesaria e preceptiva presentarase en dous sobres pechados, os cales deberán estar perfectamente identificados no seu exterior: - “SOBRE A: Documentación Xeral” Neste Sobre A, incluírase a Declaración Responsable (*) (Anexo II) da persoa ou entidade licitante, compresiva do cumprimento de todos os requisitos esixidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares. (*) As persoas ou empresas licitantes, coa presentación da Declaración Responsable, exímense de presentar toda a documentación acreditativa do cumprimento, que será requirida e deberá ser presentada unicamente pola persoa ou empresa que resulte adxudicataria. - “SOBRE C: Criterios avaliados de forma automática” Neste Sobre C incluírase a Oferta económica e aquela documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos suxeitos a criterios avaliados de xeito automático (Anexo I). No Sobre C deberán achegar os Certificados de boa execución expedidos ou visados polas entidades sen ánimo de lucro correspondentes, nos que conste, como mínimo, a seguinte información: identificación da entidade receptora do servizo e da entidade que o presta; identificación do obxecto do servizo; o período de execución ou prestación do servizo, identificando mes e ano de inicio e mes e ano de finalización. A inclusión no SOBRE A de calquera información relativa ás características do contrato ou da oferta económica, será causa de exclusión do procedemento de licitación da persoa ou entidade licitante. As ofertas presentadas, e toda a documentación preceptiva, deberán vir asinadas pola persoa licitante ou representante legal da entidade licitante. Non se admitirán ofertas que conteñan erros na súa forma de presentación.
Prazo durante o cal a persoa ou entidade licitante está obrigada a manter a súa oferta	Dous (2) meses contados desde a data de apertura de proposicións.



8. APERTURA DE OFERTAS

Descrición	Apertura pública do SOBRE C.
Lugar	Departamento de Exportadores, nº 14, Lonxa de Marín, Porto de Marín, Marín (Pontevedra).
Data e hora	Publicarase na páxina web https://galp.xunta.gal/ria-de-pontevedra/licitacions , con ao menos 48 horas de antelación, a data e hora da apertura das ofertas.

9. DOCUMENTOS ADXUNTOS

- Pregos de Cláusulas Administrativas e Particulares e de Prescricións Técnicas.
- Anexo 1: Convenio colaboración Consellería do Mar.
- Anexo I. Oferta económica e de criterios avaliáveis de xeito automático.
- Anexo II. Declaración Responsable das persoas ou entidades licitantes.

En Marín, a 5 de Decembro de 2023.

